



Os estudosos da lingua e da literatura galega teñen denominado aos séculos XVI e XVII como "*os séculos escuros*". Esta denominación podería estenderse ao século das luces, aínda que neste se observen certas mudanzas na mentalidade de sectores influídos polas ideas ilustradas.

Nestas centurias, a lingua galega escrita practicamente desapareceu. O galego quedou reducido a unha lingua familiar e coloquial, xusto no momento en que outras linguas romances comezan a substituír ao latín na vida cultural, política e administrativa.

O proceso de penetración do castelán, foi selectivo e horizontal. Isto é asentouse entre os sectores dirixentes e socialmente mellor situados, mentres que a inmensa maioría da poboación, tanto rural como urbana, practicamente ágrafa, continuou instalada exclusivamente no galego.

## Saom Sarmento e criado a veira de Portugal

Escrito por Carlos Méixome  
Sábado, 02 Xaneiro 2016 09:34

---



[Pé do Galheiro](#)